



## CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria o luns seguinte, excepto que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 27 de marzo de 2019

**A SECRETARIA,**

## ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de marzo de dous mil dezanove.
2. Resolución, se procede, da inadmisión do recurso de reposición, interposto por SUPLUSA, contra acordo da Xunta de Goberno, relativo á contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención de Pol e Fonsagrada.
3. Acordo, se procede, sobre resolución de alegacións presentadas por ALALAS, S.L. á contratación de prestacións a executar nos centros de atención a persoas maiores de Pol e Fonsagrada.
4. Proposto de adjudicación, se procede, da contratación de prestacións a persoas maiores, nos centros de atención de Pol e Fonsagrada. Lote 1: CAM Pol.



5. Proposta de aprobación, se procede, dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas e o expediente para a contratación da subministración de lencería para os centros de atención a persoas maiores dos municipios de A Fonsagrada, Pol e Trabada.
6. Proposta de adxudicación, se procede, da contratación das prestacións de valoración económica e adaptación a prezos de mercado das propostas de patrocinio deportivo do Club Deportivo Lugo SAD e Club Baloncesto Breogán SAD, anualidade 2019.
7. Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da campaña de publicidade institucional “Nosmuevelugo.com”, para o impulso da participación cidadá nos asuntos públicos e a promoción e difusión das iniciativas desenvoltas por esta Deputación Provincial para a mellora do benestar dos veciños da provincia.
8. Proposta en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo, solicitando unha modificación do proxecto dun dos investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
9. Proposta en relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de A Fonsagrada e Pantón, solicitando nova prórroga para o prazo de adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
10. Proposta en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
11. Aprobación, se procede, de convenios, protocolos, e modificacións de convenios de colaboración con distintas Entidades e Concellos.
12. Proposta de aprobación, se procede, de informe sectorial en materia de estradas sobre o documento de data xaneiro de 2019 de “Modificación puntual do PXOU de Chantada para delimitación do núcleo rural de Alemparte, parroquia de Maríz”.
13. Proposta de aprobación, se procede, de informe sectorial en materia de estradas sobre o documento de data febreiro de 2019 de “Modificación puntual do PXOU de Chantada para delimitación do núcleo rural de Esmoríz”.



14. Proposta relativa á aprobación, se procede, das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.
15. Proposta de aceptación de renuncia do expediente SUBAGR-2018/065 de subvención outorgada dentro do Programa de Apoio ao Sector Agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.
16. Proposta de aceptación de renuncia do expediente SUBAGR-2018/166 de subvención outorgada dentro do Programa de Apoio ao Sector Agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018. Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.
17. Proposta de aceptación de renuncia do expediente SUBAGR-2018/171 de subvención outorgada dentro do Progra081808ma de Apoio ao Sector Agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018. Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.
18. Proposta de aprobación, se procede, de renuncias de subvencións destinadas a actividades deportivas.
19. Proposta de aprobación, se procede, do prezo público do libro titulado “Aldeas e vales da Serra de Ancares. O territorio desde dentro”.
20. Proposta de xubilación anticipada dun funcionario provincial.
21. Comparecencia no recurso contencioso administrativo nº 101/2019.
22. Comparecencia no Procedemento nº 93/2019.
23. Comunicacóns da Presidencia.
24. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.